



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO ENTRE O MINISTERIO DE LA PRESIDENCIA, JUSTICIA Y RELACIONES CON LAS CORTES E A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES PARA A CREACIÓN DA COMISIÓN MIXTA DOS LETRADOS DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA E A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de xustiza en virtude do artigo 20 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril. É desexo da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes a realización de todas aquelas actuacións coas que poida acadarse a maior eficacia en relación cos temas da Administración de xustiza en xeral, segundo as funcións que lle atribúe o Decreto 214/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

Antecedentes: A Lei Orgánica do Poder Xudicial, dispón no artigo 452.1 que os Letrados da Administración de Xustiza desempeñan as súas funcións con suxeición, entre outros, ao principio de dependencia xerárquica baixo a superior dependencia do Ministerio de la Presidencia, Justicia y Relaciones con las Cortes, ostentando o Secretario de Gobierno, como superior xerárquico, a dirección dos Letrados da Administración de Xustiza, segundo o previsto nos artigos 463.1 e 464 da citada Lei Orgánica, correspondéndolle aos Letrados da Administración de Xustiza a dirección no aspecto técnico-procesual do persoal integrante da Oficina xudicial, e a ordenación da súa actividade e a impartición das ordes e instrucións que estime pertinentes no exercicio desta función.

O exercicio das competencias das Comunidades Autónomas en materia de medios persoais e materiais require a colaboración dos Letrados da Administración de Xustiza, artigo 452.3 da Lei Orgánica do Poder Xudicial, polo que debe asegurarse a coordinación dos Letrados da Administración de Xustiza coas Comunidades Autónomas con competencias asumidas, no exercicio de competencias de organización, xestión, inspección e dirección do persoal en aspectos técnico procesuais, de acordo co artigo 454.2 do citado texto legal.

Por outra banda, o Regulamento Orgánico do Corpo de Secretarios Xudiciais, aprobado por Real Decreto 1608/2005, do 30 de decembro, prevé a súa actuación baixo os principios de coordinación e cooperación coas Administracións competentes en materia de Xustiza. En previsión deste deber de coordinación, o artigo 452.3 da Lei Orgánica do Poder Xudicial establece que poderán constituírse Comisións Mixtas de Letrados da Administración de Xustiza e representantes das Comunidades Autónomas con competencias asumidas.

Finalidade: A finalidade do presente Convenio é a creación da Comisión Mixta entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e os Letrados da Administración de Xustiza destinados en órganos e servizos do ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, conforme ao previsto no artigo 452.3 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, modificada pola Lei Orgánica 19/2003, do 23 de decembro, como órgano de información,





comunicación, coordinación, colaboración e cooperación entre a Consellería e os Letrados da Administración de Xustiza .

A Comisión Mixta estará co-presidida polo Vicepresidente Primeira e Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes e polo Secretario de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, e estará integrada, ademais dos co-presidentes, polo Director Xeral de Xustiza e o número necesario de membros nomeados por aquel para manter a paridade, responsables dos medios materiais, económicos, tecnolóxicos e persoais da Administración de xustiza, e en representación dos Letrados da Administración de Xustiza destinados en órganos e servizos do ámbito da Comunidade de Galicia, os Secretarios Coordinadores Provinciais e dous Letrados da Administración de Xustiza designados polo Secretario de Goberno, actuando como secretario da Comisión un funcionario designado pola Dirección Xeral de Xustiza.

Serán funcións da Comisión Mixta coñecer de cantas cuestións afecten o ámbito competencial da Comunidade Autónoma de Galicia en relación ao exercicio da función dos Letrados da Administración de Xustiza, e da ordenación da actividade do persoal integrante da Oficina xudicial. Nomeadamente, serán competencias da Comisión Mixta a planificación de actuacións respecto do persoal ao servizo da Administración de Xustiza que garden relación co exercicio das funcións dos Letrados da Administración de Xustiza ou coas que lles correspondan como directores técnico-procesuais, a planificación e contido das actividades formativas dirixidas ao persoal ao servizo da Administración de Xustiza, o impulso e posta en funcionamento da Nova Oficina Xudicial, e o coñecemento da planificación da provisión de medios materiais que se efectúe pola Comunidade Autónoma de Galicia no que garde relación coas funcións dos Letrados da Administración de Xustiza.

O instrumento convencional fundaméntase no seguinte:

- O Estado ten competencia exclusiva en materia de Administración de Xustiza de acordo co artigo 149 1.5ª da Constitución Española.
- Polo Decreto 394/1994, do 29 de decembro, asumíronse as funcións transferidas á Comunidade Autónoma de Galicia mediante Real Decreto 2166/1994, do 4 de novembro, sobre traspaso de funcións en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de Xustiza.
- A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de xustiza en virtude do artigo 20 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, e segundo as funcións que lle atribúe o Decreto 117/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a súa estrutura orgánica, modificado polo decreto 144/2023 de 9 de novembro.





- As administracións públicas poden formalizar convenios de colaboración con outras entidades públicas e mais con persoas xurídicas suxeitas ao Dereito Privado, ao abeiro do disposto no artigo 48 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e mais no Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público pola Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

Financiamento: Este convenio non comporta gasto ningún para as partes asinantes, inseríndose as obrigacións das partes no desenvolvemento ordinario das competencias propias. Cada unha das partes asinantes do presente convenio asumirá o custo das actuacións que deba realizar de conformidade co cláusula do mesmo e consonte ás súas respectivas normas de xestión económica.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 6 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela,
O Director Xeral de Xustiza

José Tronchoni Albert

